


Núm. 81

Tomo 7.º

nós



CATLÁS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.
Fora da Península 8'00 "
Número solto 0'70 "

NOTA

*Este boletín non publicará máis orixinais qu'os
que foran directamente solicitados pol-a Dirección.
Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emi-
tidos, a non ser dos que por non iren rubrados,
enténdense que son da Redacción.*

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Poesía, por RAMÓN CABANILLAS.
A Mocidade do P. Feixó, por ARMANDO COTARELO VALLEDOR.
Notas Políticas, por ARTURO NOGUEROL BUJÁN.
Notas encol da paisaxe na antiga epopeya irlandesa, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.
Da Alemaña, por VICENTE RISCO.
Roteiros líricos - Ribadavia, por ALVARO DE LAS CASAS.
Os homes, os feitos as verbas, POL-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XII ★ Ourense 15 de Setembro do 1930 ★ Núm. 81

POESÍA LIDA NO BANQUETE DA «BARXA», O DIA DE GALIZA

A cumprir as escuras vaguedades,
da costa verdecente ten chegado
o bardo das edades,
lanza e escudo dos bós e xenerosos;
o que apreixou outrora,
no ben acompasado
fungar dos rumorosos,
a profética voz alentadora.

Está con nós, ergueito á veira nosa,
o do céltigo clán, mestre druida
co-a litúrxica fouce miragrosa,
a lira de ouro e ferro
e a barda en cıbas rosas frorecida;
o dos craros acentos sonorosos,
cantor dos altos feitos;
o que ordeou, para os afáns groriosos,
aparellar os esforzados peitos.

İrmáns na Causa! İOs tempos son chegados!
Nestrorra de varıl rexurdimento,
en cibdades, aldeas e escampados
Galicia enteira estremecida escoita
o berro nunca dado a esquecemento
con que nos chama, impregador, á loita
o que comanda os míticos guerreiros
do pınal encantado de Frozán,
o que deixou os bélicos loureiros
a verdecer na estrofa que pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán...!

İOs tempos son chegados! Galicia canta e prega!
İXa madurou a espiga
na campıa galega!
Como na enxebre, céltiga cantiga,
da alborada que anuncia o alto gozo
das xornadas de sega,
o novo sol, o sol ridente e mozo
está batendo á porta
da casaıa labrega.

İXa está lograda a espiga,
randeando, doirada,
as luces da alborada
na campıa galega!
E forza porse en pe! E nosa obriga
temprar as fouces, encoırar o mallo
e saır, animosos, cara a veiga,
a escomenzar o redentor traballo.
İTras do loıtar sin trégoa
virá o repouso á sombra do carballo!

İIrmans, todos a unha! İArrodeade a leira!
İQué regue a nosa terra o suor noso
e a fouce corra no tronzar certeira!
İEscoıtade o punxente
berro do vagoroso:
«İDiante de bós ondea
a barda de ouro ardente...
İSegade a vosa herdade!
İAy de aquél que non sea valente!
İSegade, galegos; con forza, segade!»

RAMON CABANILLAS

A MOCIDADE DO P. FEIXÓO

(1 6 7 6 - 1 7 0 9)

O Ilustrísimo e Reverendísimo P. Maestro Dr. D. Benito Xerónimo Feixóo e Montenegro, do consello da Sua Maxestade, xeneral honorario e Mestre xeneral da Orde de San Bieito, da reforma de Valladolid, con honores e consideración de prelado xeneral e voto perpetuo en capítulo, abade tres veces de S. Vicente de Oviedo, socio de honor da Real Academia Médica de Sevilla, do Gremio e Claustro da Universidade Ovetense, en ela catedrático de Prima de Teoloxía... naceu a 8 de Outubro de 1676 na pequena aldeia de Casdemiro, da provincia de Ourense. Bautizouse en 19 do propio mes na igrexa parroquial de Santa María de Mélias por man do licenciado D. Antonio de Quintas, en vez e con licencia do párroco coengo na colexiata de Xunqueira de Ambía, sendo padriño D. García de Puga, deudo da súa nai.

Os seus pais, correspondendo ó ilustre do seu nacemento, educaronno nos principios da fé e inclinaronno as letras, creendo con xusticia que o dereito de sucesión non os autorizaba pra descuidal-o insinio do seu fillo. Non era esto cousa corrente na sociedade de aqueles tempos e deste xeito eran poucos os primoxénitos útiles á airexa e ó estado «persuadiéndose no pocos que esta cualidad los destina solo a la propagación de su familia y disfrute de sus rentas, sin advertir que la nobleza se adquiere con las acciones ilustres a beneficio de la nación y se conserva con la estimación de ellas en los descendientes, no con la ociosa posesión de rentas adquirida por la virtud de los antepasados» (Campomanes).

No recanto do fogar aprendeu primeiros baixo o guieiro agarimoso do seu pai o camiño da sabencia. Cursou despois no mosteiro bieito de Ribas de Sil soterrado nos frondentes arboredos e nas fragas de

aquela sagra ribeira que é a mais forte paisaxe da nosa terra.

Sobresaiu axiña entre os escolares que vivían á cotío ás venerabres celdas, pol-o seu grande afeizoamento á lectura e por aquela prodixiosa memoria pol-a cal casi coincidiron n-el o leer c-o estudar; «los maestros advirtieron... un espíritu capaz de las ciencias y un corazón hecho para la virtud» (Nóvoa).

Cóntase que abundaba citar diante d-él calquer pasaxe ou texto pra que de súpeto nombrase non soyo o autor mais o libro e a páxina; antes de saber apenas o que eran os versos compuxoos en loubanza da vida do campo e ánque ó que pode creerse non serían moi notabres porque nunca sobresai o P. Maestro no arte da poesía, é un bó dato pra a declaración do seu raro e precoz inxenio.

Alternando c-as laborías escolares dedicábase ó estudo da música, da que sempre fixo particular aprecio, adeprendendo á tanxer a guitarra según o método e as regras de Gaspar Sanz, cicais inclinou a súa afección pra aquel instrumento tan pouco noso o paso casi diario dos romeiros portugueses, que pol-a súa porta, camiño de Galicia, pasaban entoando ledas cantigas ó son das súas guitarras. Deberon ser éstos xogos de infancia porque nos seus escritos non se volve á falar de esta habilidade súa anque se mostre á óutura dos seus coñecimentos na teoría e na filosofía da música.

Pra contribuír ó seu insinio e pra fortalecer o seu natural cativo soía o seu pai leval-o Galicia adiante nos moitos viaxes que facía. Fixo d-este xeito moitos dos nosos camiños sendo rapaz de dez a once anos cando podía soportar mellor as molestias de andar longo tempo á cabalo por mal coidadas corredo-

ras. Visitou Ourense, Ribadavia, Allariz, Vigo e Pontevedra, chegando deica Ferrol, a Cruña e Betanzos, con moito proveito do seu xenio pescudador e aberto.

Deu boas mostras dél sendo neno descubriendo a astucia de certo saudador que asombraba as xentes tripando cos pés ispidos e ocultamente protexidos por certa pasta un ferro candente. E aquel esprito xovial e crítico que andando os tempos había de levar o á loitar sin tregoa contra vulgares preocupacións e supersticiosas creencias, burlábase ledamente das aprensións dos amigos da súa familia en orde á hixiene e medicina e da pueril costume seguida aínda hoxe de coller hervas, especialmente fiuncho na noite de San Xoan conservandoas durante o ano como saumerios contra as tempestades. Era o mesmo que, contra a súa época, cortaba as uñas en sábado, comía despois do chocolate, e dormía, cousa tida por moi peligrosa, despois de purgarse...

Por este tempo veuse turbada a súa fêbele saúde por unhas tercianas casi epidémicas n-aquela comarca. Martirizaronno os médicos, sangrándoo copiosamente seis veces n-un mes e prohibíndolle beber líquido algún pra apagar a súa intolerable sede; debilitouse tanto que estivo perto da morte pero ao cabo libre de novo consagrouse con mais forza ao estudo.

A frecuencia das tranquilas celdas do mosteiro de San Esteban, o espectáculo da leda vida dos monxes e mais que nada o seu carácter retraído e austero inclinaronno ó estado eclesiástico e fomentándose mais co tempo este degaro declarou o seu firme propósito de arredarse do mundo. «No faltaron quiénes se opusieran a la vocación del P. Feijoó exhortando a su padre a que le resistiera, pues siendo el primogénito debía ser destinado á continuar al frente de la familia. Mas aquel caballero reunía al talento y austeridad de costumbres, un gran fondo de religiosidad cristiana y contestó que eso mismo le excitaba á dedicar á Dios con preferencia las primicias de su familia».

Autorizado Feixoó, renunciando pra sempre ós lícitos praceres da vida social n-unha posición desafogada, recibeu a beizón pa-

ternal e foi a chamar ás portas do mosteiro en ano de 1690 e ós 14 escasos de idade.

Recibeu a cogulla no Mosteiro de Samos, por mano de «singularísimo varón, modelo de sabios, de religiosos y prelados el Ilustrísimo y reverendísimo Señor D. Fray Anselmo de la Peña, hijo y abad de esta casa, general de la Orden de San Benito, Obispo de Cretona y de Gargente cuya virtud y ciencia merecieron la estimación de los soberanos, su caridad y vida apostólica eternizaron su memoria, que estará siempre llena de alabanzas y bendiciones.»

Homildoso e sinxelo nas súas costumes, ledo no seu falar, Feixoó, querido de todos, pasou os primeiros tempos do seu noviciado n-aquel convento «tan recogido, tan estrecho, tan sepultado entre cuatro elevados montes que por todas partes no solo la cierran, mas le oprimen y solo es visto de las estrellas cuando las logra verticales».

O seu xenio mostrouse dende o ingreso na casa, nos consellos que repartía á compañeiros de hábito e veciños da aldea pra libralo das pantasma, ridiculizando tamén, adaxios e sentencias tidos por útiles e certos.

Lémbrese aquela explicación do «si quieres vivir sano, la ropa que traes en invierno, tracla en verano», de que a roupa do inverno pode soyo usarse no vran porque xa chega a el de abondo raída e con pouco pelo e lixeira de certo.

De Samos pasou á Lerez onde tivo estreita amizade con Juan de Ballisca.

Deica o ano 1695 estivo n-aquel colexio en calidade de oyente cursando artes, primeiro período da carreira regular nos reducidos estudos monásticos de aquel tempo. Pero si o ensino era cativo o medio do apical-o era optimo. Os novicios tiñan certa liberdade, reglamentábase os actos do día e permitíase distraccións útiles e honestas por aqueles enmeigados arredores eternamente arrolados pol-as augas do noso incomparable río.

No 1695 rematados os seus estudos pasou á Salamanca pra seguir os de Teoloxía no colexio de San Vicente, hoxe totalmente destruído.

Do grande esplendor de aquela cibdade no XV e no XVI non quedaba senón a lem-

branza. *A nai das ciencias*, a par que as demais vilas de Castela ou tal vez máis que outras participou da mingua xeneral da monarquía, da dexeneración intelectual e moral, da corrupción literaria e artística que caracterizaron os derradeiros reinados dos Austrias. O mesmo Feixóo refire algúns casos grotescos, que mostran a postración de aquelas célebres aulas, nos derradeiros anos do XVII. Un catedrático exprica soyo duas leicións sin importancia no ano. Outro toma con excesivo fogo unha argumentación e vese acometido n-un ataque de apoplexia quedando inmóvil, e tendo que ser levado á casa n-unha silla de mans. O curso dos estudos da súa carreira era unha esfera moi limitada pro espírito de Feixóo. Y así estendeu a súa aplicación a outros coñecimentos superiores causando admiración dos seus condiscípulos que quedaban suspensos ó escoitalo porque coidaban que todol-os galegeran como os segadores que vían nasuaterria, alí onde como medio siglo antes escintilara na cátedra o seu parente Don Xoan de Puga. Os leigistas D. Pedro Samaniego, Don José de la Senra catedráticos de aquela Universidade, Fr. José de Barnuevo, Mestre do noso frade, non desdefñaron o seu trato, e os seus compañeiros cobraronlle fraternal cariño, como aquel Fr. Rosendo de Caso, abade que foi despois en San Vicente de

Aragón. Unha febre tivoo moitos días no leito privado do coñecimiento. Por moitos coidados pudo retornar á saúde.

Tres anos duraron os estudos de Feixóo. Cabo d-eles graduado xa en Artes recibiu o mesmo título en Teoloxía en 9 de Marzo de 1696, no colexio de San Vicente. Defendendo baixo os auspicios de Fr. Mauro Roldán seis conclusións teolóxicas sobre o misterio da Encarnación que foron según o uso da época impresas en seda e que hoxe se conservan en Casdemiro. Voltou de estoncias Feixóo á súa terra y en Samos, que sempre o considerou como fillo y-o favoreceu canto pudo, foi leitor e pasante de Filosofía.

En 1705 cando a guerra civil topábase en Valladolid no ricaz mosteiro de San Biello. Permaneceu n-el algúns meses ensinando Filosofía, sin descuidar por eso os seus particulares estudos, antes ben cultivandoos na Biblioteca do Colexio e na do veciño Santa Cruz. Resideu tamén Feixóo en San Martín, en Estonza onde lle comenzou a reuma, e nos primeiros meses de 1709 aos 33 anos de idade foi a Oviedo, como leitor de aquel famoso colexio de San Vicente onde había de residir deica a morte e onde compuxo todas as suas transcendentales obras.

ARMANDO COTARELO VALLEDOR

NOTAS POLITICAS

Á caída do poder do dictador Primo de Rivera as momias da políteca comenzaron á rebulir n-o medio dos seus podres atadallos; y-entón deuse n-a manía de dicir que era necesario definirse enténdendo por tal, o op-tar pol-a Monarquía ou pol-a Reprública. Teóricamente pódese un inclinar onha forma de goberno ou a outra sin inconveniente algún, porque o mesmo Papa León XIII n-a Enciclica *Libertas* di que «ningún xénere de goberno reproba a Igresia; con tal que sexa apto pra utilidade dos cibdadans» e n-a *Inmortale*

Dei manifesta que «o dereito de soberanía de si propio non está vinculado a tal ou cal forma de goberno», e que non «hai razón algunha pra que a Igresia non aprobe o goberno de un ou o de moitos, con tal que sexa xusto e encamiñado ó ben común». Pol-o tanto o conto é cuestión de gustos ou pareceres; todas as formas de goberno teñen as suas ventaxas e os seus inconvenientes. Agora ben; determinarse n-a práctica por calquera de elas xa é fatiña de outro costal, pois denantes de nada sería preciso faguer un estudio ben

feito das condicións do pobo e indagar a súa vontade subconsciente, así como a súa tendencia emocional, porque de nada serviría pra o progreso de España que unhas Cortes, elixidas á base de un descontento transitorio, provocado pol-a politeca dos últimos anos da Dictadura e fomentado pol-os representantes do poder clandestino e de farándula que caíu o 13 de Setembro de 1923, se decrasen soberanas e procrasen a República, si n-o corazón do pobo quedasen vivas as raíces da institución monárquica, porque nos atoparíamos ante un edificio de paredes desaplomadas, ante unha forma de goberno divorciada do pensar e sentir popular, que daría marxén á toda cras de aventuras e revoltas.

Así como o Arquitecto ten que suxetar a súa obra ás normas da estética e ás leis de resistencia dos materiais pra que resulte fermosa e non se lle esborralle, o politeco, que debe encamiñar o seu labor ó ben común, ten que prescindir de si mesmo e deixando onha veira os seus gustos particulares, someterse á vontade real e persistente do pobo; un estadista por mui monárquico que sexa non debe tratar de impor a monarquía on pobo de conciencia e tradición republicana.

Por outra parte, o importante, dende o punto de vista doutrinal e da práctica, non son as formas de goberno, senon os reximes constitucionales; e aínda istes non teñen ningún valor n-a práctica sin os bós costumes polítecicos e a acción moral pra refrenar

á gobernantes e gobernados: a moral posta sobre de toda politeca é a única garantía constitucional verdadeira.

Ademais, un país donde o pobo non sabe vivir sin caciques; crase aristocrática sin directores espirituales fixos; e os partidos polítecicos sin o encasillado oficial dos candidatos, é un país sometido voluntariamente á tutela que interpreta a Constitución c-un criterio absolutista. E un país onde as persoas que se dicen relixiosas oucen tranquilamente blasfemar; as persoas chamadas de orden se bulran dos polizontes; os cregos, esquecendo que según a doutrina católica non hay potestá que non proceda de Deus e faltos da mansedume e caridá cristianas, permitense censurar publicamente as Autoridades por actos alleos á moral e á relixión; e os obreiros se matan ús ós outros por diferencias ideolóxicas, é un país que sofre unha desnutrición moral e intelectual tales, que o incapacita pra o exercicio da libértá e da democracia n-o grado necesario pra que poida subsistir o rexime republicano sin caer n-a oligarquía ou n-a ochlocracia.

O interesante n-o momento político actual é unha forte actuación cívica pra que o Xefe do Estado non apareza ante o pobo coma o home de un partido cuio trunfo electoral se prepare n-o Ministerio da Gobernación por medio do encasillado oficial dos candidatos; e que a Constitución se interprete conforme as eixencias da opinión pública real e verdadeira.

ARTURO NOGUEROL BUJÁN

Notas encol do sentimento da paisaxe n'antiga epopeya irlandesa

A Irlanda «a irmanciña adourada que pasou o mar» a «Erin, green gem of the silver sea» sempre foi niño d'esprito rayolando sob' o Atrántico com'os seus valentes promontoiros no sólpor. Raiña da Poesía oucidental espalla en catro literaturas sucesivas en língua gaélica, en língua latina, en língua ingreza, agora en triunfante celta volvendo á coller o fio do seu destiño — unha orixinalidade de forza incomparable. O renacemento da Galiza ispirose d'os primeiros días no exemplo irlandés. Compre seguir e sosteñer e ampriar aquil pulo. Os pobos da nova cultura precisan d'outras humanidás. E na Galiza é urxente o coñecimento de literaturas como a irlandesa e a lírica medieval galego-portuguesa, simpáticas á i-alma, que na cultura xeneral equilibren pol-o menos o imperio do clasicismo grego e romano e do clasicismo castelán.

A literatura antiga irlandesa, ceibe d'infruxos estranos, en grande parte anterior ó cristianismo, contida en mais d'un milleiro de manuscritos, háchase hoxe cuáseque toda publicada. Agás dos contidos nas revistas («Revue celtique» «Zeitschrift für celtische Philologie» «Eirin» entre elas) os textos atópanse nas coleccións eruditas («Irische Texte mit Übersetzungen und Wörterbuch» de Wh. Stokes e E. Windisch, «Silva Gadelica» de Standisch O'Grady, i-outros) con traducións e comentarios. Obras dificultosas de procurar e que piden ser mais espalladas, pol-o menos en antoloxías semellantes á publicada en francés pol-o ilustre celtista Dottin, de Rennes.

Non imos falar n'istas pequenas notas, da beleza da epopeya irlandesa, da psicoloxía ou da sociedade qu'ela refrexa, nin compárala con outras que disfróitan de maior prestixio. Os celtistas sinalan a cativeza das des-

cricións. Unha lembranza rápida d'algús pasaxes das «sagas» mais notables ou coñecidas, demostraránnos qu'os «fili» qu'as compuxeron tiñan un vivo sentimento da paisaxe, por mais que a dinámica do mundo guerreiro, da eisaltazón heróica, e do misterio das fadas e do mundo fantástico, non lle deixaron fixar aquil sentimento en forma verdadeiramente literaria, cousa d'agardar en raza de esprito panteísta que por vivir no medio d'unha natureza dramatizada non podía enxergala obxetivamente. Mail'o pouco que se trasloce indica un admirabile acerto de sínteses i-evocación ó sinalar unha paisaxe, un momento, unha estación do ano, e os epítetos teñen a sinxeleza e o valor incomparable — como os epítetos de Píndaro — da epopeya homérica.

Unha illa sente a cada instante a presenza do mar. Do mar, deus terrible ou amigo, ensoño, camiño, pol-o que se vai e se ven. Nas sagas abundan evocacións do mar. N'unha das mais antigas, a da Batalla de Moytura cóntase qu'as tribus Dé cando chegaron á Irlanda pra conquerila do poder dos Bolg, viñeron en nubes de brétema mariña, porque asegún a saga que dá eiquí unha eisprización crítica, os invasores, moito dinantes de Tarik e de Hernán Cortés, queimaron as naus cuio fume cobriu a bisbarra. Na mesma saga, a virxen Eri (nome que se identifica c'a da illa: Erin, Eriinn) olla pr'o mar tranquilo «como si fora unha táboa sin xunturas».

Na navegazón de Bran, fillo de Febal, o héroe olla chegar un home que guiando un carro sob' as ondas, canta á mar que é pra il «un prado froilido» as olas «froles roxas» «cabalos brillantes no vrán» «coores rayolantes, prata, escalas d'ouro» a mar é «unha branca nube» os salmós son afoes e becerrí-

ños do océano comparado c'un campo de maravilla pois o home fala da terra das fadas.

A mar invócase como o mais terrible; Snaltam, pai do héroe Cúchulainn no célebre poema da «Razzia de Cualngé» escrima: «ó qu'oio-ó lonxe ou é o ceo crebándose ou a mar desbordada, ou a loita do meu fillo» e Conor, xura que si o «Océano cheo de sucos, de bordes azules, non se espalla sobre a fronte do mundo» comprirá seu feito, Cúchulainn dirixíndose á pura e caste Emer dille «hlla das ondas chegada pol-os infindos mares» e unha dona olla sobre o mar, como unha anticipación do Doncel Amadis «o cabaleiro da mar guedelluda», sua saga da «Doenza de Cúchulainn e dos celos de Emer».

As fontes i-os lagos xurden no medio do relato épico ou festeiro, ás veces cómico, d'unha rabelesían verba, sinaladas c'un detalle eispresivo ou c'o nome qu'equivale á unha descripción: fonte de Saúde onde os feridos curan pol-o canto de catro médicos postos arredor («Batalla de Moytura») Cúchulainn sintíndose morrer lávase no lago da gándara de Murthemné chamado *Loch do Beuficio da mán* ou da *onda sutil*. Na mesma Saga («A morte de Cúchulainn»). Hai outro lago, o Negro. A guerreira nai de Conor báñase soila n'unha «pura e fermosa auga»; unha bandada de paxaros de beleza nunca vista baixan o lago de Murthemné diante os Ulates en asamblea anual («Doenza de Cúchulainn»). Na «Caza do Sid das belas mulleres» chámase o maior río d'Irlanda «Shannon, o de verde curso» con certo sentido xeográfico.

Como en todo pobo primitivo hai escritas evocacións das sazóns do ano, craramente detremiñadas na «Batalla de Moytura» cando un persoaxe dí o que lles convén: «primadeira pra labourar e sementar, o principio do vrán pra fortalecer o trigo, o outono pra madurálo e seiturálo, o inverno pra comelo». Na saga «Persecución de Diarmaid e de Grainné» unha bruxa dí: «Non se recorda inverno como iste pois a xiada cobre os cotos e n'hai nos chaos un suco que non seña un río: os cervos i-os corvos non atopan abrigo en ningures. Xiada está a grande gándara de Lurg, cada lago é un mar, n'hai

ribeira que non bata a onda inquietando os peixes d'Irlanda—os lobos non teñen descanso nin soño nas suas moradas, sobre os paxaros caíu o vento frío e a xiada, o melro non ten treito qu'o abrigue do lado dos bosques de Cuan, o miñato sofre do vento duro, grande é sua miseria pois a neve entralle no pico». Cando Cellach de Cillala, o monxe discípulo de S. Clarán (século VI) vai ser morto no bosque, despídese da mañán e da vida: «Mañán branca, chegada como unha chama sobre o sol, vencedora, sempre nova—orgulosa, irmá do sol—colo branco, ouro de maravilla». Fala o corvo, o miñato, o lobo, a rapaza, o merlo, os animais que debían beberlle o sangue e os que ouvía cantar por vez derradeira.

Hai nas Sagas frecuentes lembranzas da brêtema, dos botós d'ouro da primadeira, das fermosas pomas, dos prados sempre verdes onde hoxe aínda se branquea o liño, i-entón servían os xogos deportivos dos héroes, unha presenza da natureza nas comparacións: as meixelas d'unha dona son da cor das abricolas por exemplo, das rocas («un acantilado branco bordeando a mar» na «Navegación de Brau») e un agudo detalle topográfico de guerreiros e cazadores. «A derrota pasa o Sur pol-o desfiladeiro de Mugna, pol-o vado de Midibane, o largo da cresta de Kildare, do bosque de Gaiblé o Vado de Mac Lugna, pol-a ponte de Cairpré —e a gándara de Midé o leste—» («Historia do porco bravo de Mac Dathó»). «A caza foi disposta nos bosques, nos desertos, nos vals encostados das terras veciñas e nos chaos seguidos e fermosos, nos bosques pechados e nos grandes bosques de carballos c'o seu espallado monte baixo» («A caza do Sid das belas mulleres»). Vése eiquí a diferenza entre o bosque pechado e o bosque aberto de carballos con maquis nos cravos. Na «Batalla de Moytura» os guerreiros Fomóré collen cada un unha pedra do río Drowes «e póñena na fonte da Saúde no campo de Ablá, o N. do longo Arboch e W. de Moytura». Logo dí que leva o nome de Lago d'herbas porque Diancecht puxo unha herba de cada crase das qu'hai en Irlanda. Pódese facer a Cartografía da Epopeya irlandesa, con precisión completa.

As veces hai fortes impresiós mais que de paisaxe de coores e contrastes. Por exemplo na Saga «O desterro dos fillos de Usnech» texto do século XII con variantes do XIV e do XV, ben coñecido pol-as publicacións d'Arbois de Jubainsille, Thurneysen («Sagen») e O'Curry («Atlantis»), Deirdré a nena que falou no ventre da nai, a Darthula, do Ossian de Macpherson, destituida pra esposa de Conor ve o seu tutor esfolando un becerro sobr'a neve e un corvo que descía a bebel-o sangue, e dí Deirdré: «Soilo amarei o home que teña sobre si as tres coores: cabeleira com'o corvo, meixelas com'o sangue, corpo como a neve». Na novela galesa, Peredur, arela tamén unha dona que teña as tres coores.

Cadros completos de paisaxe son raros nas Sagas. Na «Navegación de Brán, fillo de Febal» unha fada no medio da asamblea dos guerreiros colle unha pola da maceira de

Emain ou terra das fadas, e canta as belezas d'aquél país: «arredor brillan os cabalos da mar» chao «lediza dos ollos, eistensión gloriosa» albré con froles «sobr'as qu'os paxaros chaman pol-as horas» terra «de fermosa paisaxe, incomparabre na brétema» sobr'a que o mar bota «os pelos de cristal da sua cabeleira».

Un vivo sentimento da terra patria sentida nos menores currunchos e do qu'as illas d'ensoño son apenas idealizaciós admirables caracteriza a epopeya antiga d'Eirín, a filla do Océano simbolizado n'unha saga por unha becerra de pelo negro que se chama *Aicenn* (Océano). Pódese notar un certo parentesco entre a maneira dos poemas antigos i-o dos grandes autores de hoxe (J. Joyce, Synge, O'Flaherty por ex.) no tocantes ó sentido da paisaxe.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

D A A L E M A Ñ A

I.—A VIAXE.

(Proseguimento)

ceses. Quixera qu'os nosos emigrantes, en lugar d'iren pr'América, onde van brutos e voltan parvos, viñeran pra estas terras, onde tanto poderían deprender, principalmente, a perfectamente lograda alianza do progreso co-a tradición, que fai qu'o progreso semelle eiquí cousa natural, espontánea e engebre.

A idea do Temes, un pouco desfigurada se cadra por min, ven ser pouco mais menos a seguinte: a obra do galeguismo preocupase de mais das últimas cousas; concencia, espírito, arte, pensamento, cencia. Todo iso está ben e fai falla; mais enantes, compre educar aos galegos na limpeza, na comodidade, na boa crianza, na orde, na obediencia á lei, na utilidade, na estética pública, no urbanismo, no intrínseco pol-o colectivo.

Non vai descamiñado. Mais compre saber primeiro s'un pobo sen concencia de si mesmo pode facer estas cousas qu'eiquí xurden de seu, e qu'antre nós habería qu'impôr c'unha ditadura.

Todo pende en qu'ollémos-as cousas coma saídas d'adentro afora, ou coma formadas d'afora adentro, a cultura d'un pobo com'aposición ou coma desenvolvemento. Podemos supor qu'a cultura d'un pobo medra por juxtaposición d'elementos, coma medran as pedras, ou por desenrolo de predisposicións contidas no germe, coma medran os seres orgánicos; no primeiro caso, tería razón o Temes; no segundo, teríamola nós. Mais hoxe se non pode sosteñer qu'unha cultura seña unha juxtaposición mecánica de produtos indiferentes; unha cultura é de cote unha unidade orgánica, é unha creación social, e pol-o tanto, é a forma exterior d'unha alma colectiva. Por iso, en primeiro termo, a cultura non é imitábele. Veleiquí o erro dos asiáticos qu'acollen a cultura occidental, erro do que semella que se decatou Gandhi—e o erro dos americanos que creen sel-os continuadores da cultura

européia. América posee todas as formas externas do europeísmo, mais non as esenciais, non o senso, non a y-alma qu'as criou. Algús americanos já se van dando conta d'isto, e enantes, já outros andiveran á procura do senso da vida, téndoo ido buscar deica á India. Mais atinados andan se cadra, os qu'o precuran no indianismo american. Ora, elementos isolados poden pasar d'unha cultura a outra, mais pra que d'algo sirvan han ser incorporados, asimilados n-ela, *acculturados*, e cando isto acontez, ises elementos de cote trocan de senso.

O caso de Galiza é un caso ben estrano, por certo. Pertencendo dende logo á cultura occidental, a súa posición de *fisterre* póna n-un estado d'incompreta asimilación. A historia amosa isto na serodia introdución do gótico—a arte mais propiamente occidental—antre nós, e a nosa difizle comprensión d'ise estilo, que se pode ouservar por eixemplo, n-un sepulcro da nave da Epístola da Catedral d'Ourense, e aínda nos baldaquinos góticos das eirejas de Xurenzás, Serantes, e outras que non lembro da terra do Carballiño e do outo Ribeiro. Non coñezo d'abondo aos bascos, pra saber s'as cousas por eiquí andan ou non do mesmo xeito; mais dende logo, no que toca á cultura moderna, á civilización, os bascos son europeos perfeitos: os cachivaches do progreso son pra iles cousa familiar, que nen tan xiquera lles causan ise pasmo dos nosos peisanos cando os atopan na América.

E convindo en qu'hai que civilizar Galiza, insisto en que compre proceder d'adentro pra fora, primeiro o espírito, primeiro a y-alma, primeiro a concencia galega. Somentes esperando a concencia galega poderemos faguer xurdir a arela de milloramento e o espírito de sacrificio preciso pra criar e sosteñer todas esas indispensábeles pequenas cousas adjectivas, que necesitan o esforzo constante de todos, que

semellan doadas e nono son, que son case imposíbeles n-un pobo sen conciencia de seu, e que se dan de seu n-un pobo qu'a posee. Pensamos sementes no urbanismo, e ollaremos a suma imensa de sacrificio, de desintrés, d'acatamento a autoridade, de participación de todos nos problemas que pranteja, de cultura de sabencia, d'esprito que compren pr'a realización d'unha cibdade moderna, e digádesme a min s'isto pode ser ond'o patriotismo se non impón aos intreses particulares. Os bascos teñen limpeza, cartos, instrución, crianza, belas cibdades, teléfonos, estradas con asfalto; mais fixémonos ben en que teñen unha conciencia nacional moi forte, unha soberbia de raza primigenia e un idioma que ninguén entende

todos recollidos. Por fronte, alén da Bidasoa, cintilaban en troques os milleiros de brillantes luces de Fuenterrabía.

6. CAMARA D'HOTEL

Confeso que lle teño lei ás pousadas, e qu'en calquera ond'estea, tendo a atoparme ben. Cecaís seña unha contradición do meu caraute. Prefiro—e isto si que non contradiz en nada a miña Weltanschauung—as pousadas aos hoteis, e n-un hotel, canto mais s'asemelle a unha pousada, millor me parez.

Esta cámara onde me trouxeron é mais de pousada que d'hotel, no ben senso da verba; pòde se queredes de pousada fina, ou de pou-



TIPO DE CASA BASCA MODERNA: HOTEL JAUREGUI, EN FUENTERRABÍA

non sendo iles... E aínda eiquí, non está fora de lugar unha *chirigota*, que poidera ser paradoxal, que poidera ser sentencial: Com'imos querer qu'o noso pobo se lave, s'aínda está deitado durmindo?

N-un comercio, ollamos unhas belas manchas de tinta do pintor Marín Ramos. E' ja un pouco pasado o gosto d'estas cousas. Marín Ramos, de quen vira eu unha exposición en Madrí, hai anos, co Castelaio, vive eiquí agora. No Café da Marina vímolos pasar, gordo e barbudo.

Cando chegamos a Hendaya a cear, já todo estaba en silencio, pouca luz e ninguén pol-a rua. Vida francesa: ás nove da noite,

se dá elegante, anque coído que millor sería de lle chamar *pensión*, nome que já se vai internacionalizando. Cámara coma pra morar n-ela un coengo, un magistrado, un seño r raro, un home metódico, un modesto sibarita.

E'unha cámara grande, que ten dous leitos co-as suas mesas de noite, imitación bambú, faguendo xogo c'unha mesa central coberta con tapete, e c'un almarío d'espello. Duas amprias feestras, dando a ruas diferentes, co-as suas cortinas d'encaixe, deixan entrar á mañá toda a luz e toda a paz e tod'o chiao dos paxariños. Hai pra o inverno, unha chamineia de mármore con espello enriba, a vella chamineia francesa das novelas, a chamineia

que non sei porqué citan sempre Dumas, Sué e Ponson du Terrail. O lavabo é á antiga, de madeira, e ten enriba dúas barreñas coas súas jerras de pedra, con deseños azúes, as toallas moi ben dobladiñas, e no piso un cubo con tapa. Hai un gran colgador con moitos tornos de pau, e unha cortina de cretona por diante. Cada leito ten seu alfembrín, e cada mesa de noite sua palmatoria co-a súa vela, por si a luz eléctrica fallara de noite. Aíxina inquirín s'había orinal na mesa de noite, porque me dixeran que nos Estados Unidos, ou seña no Norte, coma din os nosos peisanos n'cos había, e tiven medo qu'iste fora un detalle de modernidade d'ises qu'impoñen a cotío ao home novos tromentos... Habíao: estaba en terra civilizada. Non saboría dicir canto me tranquilou o resultado d'iste inquérito, a íntima satisfacción que puxo na miña conciencia, a seguranza e a calma que me deu. Habería que ver o estrangeiro que m'euf sentaría, o abandonado, o isolado, o desamparado, se non chego a atopalo bacín no seu sitio. Hai que telo pasado, com'o estou pasando en Berlín—porqu'en Bcnn habíao tamén—pra saber o qu'elo significa.

Por fin, ademais de dúas cadeiras soltas, había un bó sillón de brazos, reenchido e apriación de crochet na cabeceira.

Durmín d'un pulo, e pra o outro día erguinme cedo, abrí as dúas feestras, ollei o sol nas casas e nos arbres e nos montes, laveime, e Victorine tróuxome café, leite, manteiga e pan pra o almorzo. Soño e case espido, co-a bata e o camisón, no sillón de brazos, co almorzo na mesa central, cuvindo os paxaros e ollando o vrau, repousadamente almorzei e botei un pito, ali no sillón, veira da mesa. E sentínme ben, ata co gozo de non facer nada, no qu'está se cadra o senso mais fondo de tantos sensos coma ten a vida. E contemplei agradecido os mobles e as paredes, e o servizo valcero, e a borralla do pito, e a luz, e o verde.

No fondo d'esto hai un evangeo qu'o home esquece e desatende, levado da megalomanía: o evangeo renacentista do impresor Plantin, do *Beatus ille*, a poesía latina mais veces traducida ao galego, síntese pagao-cristiá d'un ideal qu'está morrendo soterrado baixo dos cimentos da Torre de Babel.

Mais, ata cando vou seguir sendo eseravo da literatura? Pra que matinar arestora no porvir do mundo, e derramar d'iste geito o

istante iste qu'estou pasando, e que se cadra tarde virá outro, cacaís somentes cando volte á miña casa? Que parvos son os homes, iba dicir—e craro que é certo— mais n'iste instante somentes debo dicir: que parvo eu son! Se m'houbera deixado vivir todo o tempo, llo non houbiera roubado minutos ao estar ben, pra os derreter en fume de pensamentos que non han ao cabo de dar proveito a ninguén.

7. O POBO BASCO.

Ja vestido, fun buscar a Temes, e fúmolos dous ao Consulado. Están facendo un novo, moi boa casa n'estilo moderno, mais eiquí ondestá, se non revolve un. Hai dúas mesas, almarios, mapas, libros: os códigos andan por riba das mesas, crar'está.

O inteligente Canciller Lafón amostroume uns quadernos nos que ten apegados os retratos dos pasaportes: os mais deixándose levar dos apelidos, son bascos, de geito qu'eiquí podes'estudalo tipo fisiocrómico da raza. De geito que, empiricamente, sen lembrar ningún estudo antropológico qu'un teña feito, pódens'ouservar dous tipos difrentes: un teutonoide, co tramo meio da cara curto, e o naris tendendo á curva cóncava, tipo semellante ao de moitos alemás, e que sole coincidir coa constitución atlética, cadrada, de largo lombo, tipo muscular.—E outro leptoprosopo e aguileño, co tramo meio da cara moi longo, sen gran diámetro bicigomático, senon en xeral de cara estreita, e coincidindo ben c'un tipo atlético, ben c'un tipo ostenico. Os dous tipos teñen a decisiva e inconfundible expresión basca.

O que se non vé na coleición de retratos de que falo, e que Lafón tidúa ambiciosamente *Libro de la Raza*, é o perfil basco: todos os retratos están de frente. E o perfil parécese a min qu'é o mais caraterístico d'esta raza. É un perfil especial, tendente á verticalidade, e de pouco releve. N'il aparec un naris—no tipo leptoprosopo—longo, mais non longo d'adentro pra fora, senón d'enriba pr'embaixo, sen que destaque moito do perfil, sen que se marque moi sainte: é un naris contido e coma domeñado por unha forza interior do individuo. O fronte sole ser estreito e un pouco botado pra trás, e a queixada, que de fronte non ten importancia, no perfil aparec adiantada e firme, signo inequívoco de caraute.

Lembro, crar'está, a admiración qu'o

Lousada Diégues tiña pol-os bascos. Esta raza non sabemos cantas veces milenaria, enigma antropológico e histórico, com'a sua fala é un enigma lingüístico, leva en si un sinal d'eternidade. O pobo basco ten que vivir: sostén o seu con forza extraordinaria, e conseguiu unha alianza nada chocante, senón pol-a contra, moi natural da tradición co progreso; tan natural, que semella que tiña que ser así, e que non podía ser d'outro xeito, e aínda souperon facer de certos detalles de progreso, características nacionais, ao menos dentro da Hespanña, e que chaman a atención de todol-os viaxeiros. No fonal da y-alma así e todo, cecais os bascos seipan ou sintan qu'o progreso en realidade non é nada fundamental, senon accesorio, un meio, un instrumento, unh'arma pra defendel-a tradición, e que s'aquil meta esta, d'aquela já non serve de nada, já perden il mesmo tod'o valor que podía ter.

E' certo tamén qu'hai en Basconia, com'en Galiza, moitos desleigados. Eiquí com'acól; hai tamén moitos homes—e a gente pensa qu'os milllores—desenreigados do basquismo e totalmente incorporados á vida e á cultura castelán: Unamuno, Baroja, Maeztu, etc. Concedamos por un instante qu'istes señan os milllores—cousa qu'en Galiza non acontez—cal non será a forza d'esta raza, cando así e todo, por riba d'ises esponentes allxeiros, logra impór os engebres valores colectivos da castel. Compre, no caso dos bascos, conceder toda a importancia que teña a dous elementos superiores de cohesión social: un é a raza, e o outro é a relixión. Dixérase qu'eiquí o sangue a seiva sagra do carballo troncal, do arbore dos antergos, é tan forte, leva disolta tal cantidade de vida nova, moza e puxante, é tan bermella e tan quente a pesar dos séculos, vai tan oisigenada, tan carregada de *prúna* vital, que o seu fervente bulir púrgase de seu dos escarríos perigosos da intelixencia, e mantén o ritmo da saúde no pulso do país. El coma fixo iste pobo pra mantel-o seu sangue tan puro? Nono sei, mais si sei qu'unha das suas características é a castidade. Ramiro de Maeztu escribiu unha vez, e débeo saber sendo d'ali, qu'os mais dos rapaces bascos iñan virges ao casamento. Compre ver eiquí un dos meios mais importantes de preservación da raza, non somentes no fiseco, senon no espirital, porqu'isto indica un pouco d'ino-cencia primigenia.

O outro elemento é a relixión. Crar'está

qu'os hai relajados, mais en conjunto, iste pobo sópouse manter perto de Deus, na mais estreita comunión da Eireja Católica; foron fieis áo estandarte de Cristo, e lles non fallou a sua ajuda. A vida dos homes prémiase ou castigase principalmente no outro mundo; a dos pobos é n-iste onde recibe o pago que merez. Os teósofos falan non descamiñadamente do *karma* nacional; o individuo pode desviar o karma de si, e pra elo sirve a penitencia; mail-os pobos non poden. E quen fala dos pobos, fala tamén, n-iste respeito, de total-as coeitividades humanas. A teoría do pecado colectivo, do pecado social, indíqueina eu n-A *Contada*. Pra desenrolala compr'estudar na Sagrada Escritura, onde s'atopa tod'o que ao home lle compre saber. Dioibo, confusión de linguas, cautividade de Babilonia, etc, son sancións impostas a pecados d'esta clás. O que non colle dúbida, e aínda postos no puramente humán, é qu'a relixión é unha das grandes forzas d'efectividade histórica dos bascos.

E aínda hai a fala, tan escrusiva, e d'un intrínseco tan universal coma problema, qu'adei-mais négase a entregal-o seu segredo. E moita a gente que non fala mais que basco; eiquí mesmo, na fonda, hai unha criada hespanñola que nen sabe francés nen hespanñol. Acontez amiúdo qu'antre dous hespanñóis (un basco e outro castelán) teña que servir d'intérprete un francés, ou antre dous franceses no mesmo caso, un hespanñol. Todol-os bascos teñen o orgullo do seu idioma. O acento é un pouco áspero e duro, com'o castelán, e a maneira de falar moi súpeta e cortada.

8. FUENTERRABIA.

Despois de xantar, voltamos ao Consulado, ond'estiveron traballando un pouco, e despois collimos un tranvía pra Irún. Na ponte internacional, tivemos que baixar pra pasar pol-a Alfándega, entrar por unha porta e surtir por outra. En Irún collimos outro carro eléctrico pra Fuenterrabía.

Pol-o camiño, vimos moitas casas bascas, e letreiros en basco. En todos istos pobos, señan de Francia señan d'Hespanña, os letreiros todos: nomes de ruas, avisos nas estacións, etc, están en basco e na lingua oficial: basco e francés ou basco e hespanñol. Moita boina. En Irún seguían as ríolas de portuguesas: os seus chapeus e os seus bigotes amóstranos aixiña.

Fuenterrabía é unha vila preciosa. A par-

te antiga é d'un tipismo sorprendente: casas de moitos pisos, con corredores de pau en case todos iles, especialmente nos de mais enriba Saedizos de pau nos tellados, con trabes primorosamente traballadas. Soberbos pazos con enormes escudos, todos iles artísticos. A casa típica ten principalmente un fronte de palla-barro entre dúas paredes de pedra, que d'andar en andar, veñen cortadas en ondas de ménsula ou calzorro de barbacana, coma n-unha que hai na rua aquela d'Ourense qu'a erudición municipal do século pasado fixo chamar de Lepanto, e que máis gente sigue chamando do Tecelán. Diste xeito, cada un

Tamén é interesante a rua da Mariña, barrio dos pescantis, con toda unha banda de casas vellas, co-as suas portas de cristais nas tendas e os seus visillos d'encaixe nas fees.

A eireja ojival, n-unha rua en costa moi pina, con pazos e casas antigas, pol-a que ruben dúas inglesas vellas, namentras baixa unha pesca berrando:

—Anchu...iii...

Que seica son sardiñas. Vendo as inglesas, o Temes di:

—Mira estas dúas maletas: velas chi van, veñen eiqui e non s'enteran de nada.

N-eفته, as dúas vellonas británicas se-



ALGÚS TIPOS DE CASAS BASCAS MODERNAS

dos andares, d'embaixo enriba, vos un pouco mais qu'o inferior. Ademais do baixo, solen ter dous ou tres andares, ás veces catro. Moitas veces en cada andar, tres ocas: balcón no meio, voadro ou non, e dúas feestras aos lados, con poyal de madeira. A madeira domiña nos frentes, e coma hai moitas adornadas con tallas, hainas que semellan obras d'ebanisteria. A *Pampinot Colea* é a rua que resulta mais interesante n-iste respeito, das qu'eu vin.

As casas modernas imitan con gran variedade e pantesia iste tipo, e hai edificios verdadeiramente fermosos en toda a parte nova de Fuenterrabia, que é a da playa, toda de casas de lujo, c'unha manifección miranda riba do mar, e o mesmo refiñamento de sábea urbanización qu'en todas as vilas do País Vasco.

mellaban indiferentes a canto vían. Viaxaban por costume, por mimetismo, com'a maior parte dos turistas. A explotación do turista é unha das cousas mais justificadas que hai: o turista foi criado pra isto, pra tirarl'os cartos. Já qu'o aturamos, compre que pague. Porque o turista é o becho que derrama todol-os panoramas, e qu'emporca todol-os lugares históricos. Un turista ond'un moimento é com'o produto d'unha defecación riba d'un sofá. O turismo é fundamentalmente, profanación; tivo que nacer no tempo en qu'o home se deu a brincar con todas as cousas sagras e con todol-os misteiros, e foi a consagración da impiedade. Que diríamos d'un home que fixera unha esposición pública de todas as lembranzas íntimas dos seus pais difuntos, de

todo os segredos da súa vida reservada, de todo os misteiros do fogar en que naceu, e cobrara a entrada? Pois cando un pobo eso fai, admirámolo, e procuramos de lle seguílo e imitemos. E non embargante, o turismo é o mais inmoral dos negocios; é o que mais s'asemella á prostitución. Compre ver ben o que significa de perda de pudor e de vergoña. Cando un moimento s'abre aos turistas, compre lembrar aquilo de que se non deben botar margaritas aos porcos, porqu' o turista é por esencia a incapacidade de comprender, já non digo a d'amar. O turismo é un negocio inmoral, mais, posto que é negocio, haberá que facelo, ja qu'estamos no tempo; mais lembremos de que é un pecado de simonía, de comercio co-as cousas santas, un pecado social, dos que falei non hai moito, e de que tarde ou cedo, haberá que pagalo, haberá qu'atural-os seus resultados kármicos, cando meno-lo pensemos.

A eireja ten enriba un friso gótico moi fermoso, e vidreiras de coores nos ventanás. Non vimol-a sancrétia, qu'encerra un tesouro, asegún rezan os afiches que hai na porta.

O castelo ten cousas intresantes adentro da súa mole prismática. Nas ruínas ojivais cheas d'esa vegetación das ruínas que tanta compañía fai na soedade, hai antre moitas balas, cachorrillos, etc, recollidos n'ouseguio do turista, uns cacharros con plantas que deben ser de cerámica indigena, con adornos en oco de losangos e espirais. O qu'aquello dá gana é d'ir ali ás tardes a leer, ou a meditar, ou singelamente a estar; digo leer e meditar, porque hai pouca gente capaz do terceiro. Ora qu'onde millor se vé a inutilidade da lectura é precisamente onde s'está ben: mais tamén é certo qu'estar ben n-unhas ruínas, antr'ortigas, amentas e canafrechas, é cousa que se cadra eisige ter leido moito.

Enriba hai estanzas con vouta, desertas, n-unha dous caños pequenos, do século pasado, nas suas cureñas, cos seus escobillós e atacadores, n-outra un altar vello, n-outra un taller de carpinteiro, ond'estaban facendo unha talla basca. Enriba a terraza á que se vai n-un ascensor. Dend'ali vese abaixo Fuerterrabia, co-as suas ruas en costa, típicas, aló Irún, as tres Hendayas, a punta tras da que está Biarritz; acó o cabo Higuer, ao que se vai por unha estrada feita atergo.

Despoixas, no bairro novo, sentados por fronte ao mar aberto, diante de nós beilaban

na y-auga movida as barquiñas de coores, cada unha c'outra pequena enriba, com'unha nai co seu fillo, e aló longe, atrás dos penedos que chaman *les deux Jumeaux*, asomaba unha punta, e n-ela o faro de Biarritz.

9. LE MAIRE DE SOASAIN.

A mañá seguinte ocorreu un sucedido. Estaba eu escribindo na miña cámara aquela d'hotel tan feita pra min que alí debín quedar se cadra o tempo todo, en lugar de vir pra Berlin, cando o Temes chamou na parede de por meio, petando co-a man. Vou onda il e n-esto chega a Señora do hotel dicindo qu'estaba ali o Maire de Soasain con dous velliños hespañois, pra illos meter no hospital d'Irún. Baixamos, e entrou o Maire, co-a súa boina.

Iste alcalde francés, por mais que seña francés d'orige, fala moito millor o hespañol que non o francés. Crar'está, no seu pobo fala basco, e logo botou moitos anos en Cuba, onde ten unha frábica d'encurtid-s. Ali, os obreiros que tiña eran galegos, e ten da nosa gente unha idea moi outa: traballadores, serios, ben criados, listos. No salon do Hotel, o Temes convidouno a un Porto, que é o qu'eiqui é moda tomar. E' un home de tipo labrego, ben vestido, con gran leontina d'ouro, cortés e intelixente. Falouse de Cuba, dos galegos, dos portugueses, de Vigo, ond'estivo. Despois baixamos vel-os enfermos, que traguía il n-un auto, en compañía da súa dona.

O velliño chámase Carlos Madrazo, é hespañol de nacionalidade ten unha gran cara barba das que se non trocan, escorreitamente rasurada un traxe moi limpo, a súa boina, a súa camisa sen colo, com'a neve. Pouco pasa dos setenta anos, mais así e todo está impedido das pernas, e moi desfeitoño e acervado. A vella chámase Josefa Oyarzábal e é d'orige francés, magra e mácia, penteada pra trás e c'un mandil con bolsos. Dóese un pouco do peito. Ningún dos dous fala mais que basco. Non teñen a ninguén no mundo, ficaron os dous soliños, e agora van rematal-a súa vida n-un hospital, os probiños. E debían ser benqueridos ond'estaban, porqu' o mesmo Alcalde ven co-a dona traguelos, e di qu'estaba o pobo todo despedidos... Cando queden no hospital d'Irún, já non terán nada, nen amigos, e o que lles quede de vida iráse apagando pouco e pouco e na espera da morte. Namentras estean os dous xiquera non terán a ne-

grura da soedade: poderán falar os dous das súas lembranzas e das súas doores; mais que van sel-os derradeiros días do que vexa morrer ao outro?

Imos tomar un coche de cabalos pra Irún: o mayoral, hespañol que já non sabe falar mais que francés, di que non pod'entrar na Hespaña, porque é desertor. Vai buscar outro Namentras, outro Porto, no Café, co Maire e a sua dona, unha paisaniña vestida de señora, moi simpática e educada, que tamén fala basco, hespañol e francés. O Café, pequeno e cheo d'espellos, frente á estación, ten gente que fala e ri.

Ven o coche; os Maires ruben a il cos velliños, e nós imos da pé pola estrada asfaltada que bota lume, e baixo do sol que queima que da genio; gracias aos arbres que nolo quitan un pouco. Chegados a Irún, aínda hai moito camiño deica o Hospital, que é moi bonito e limpo, con jardín moi coidado diante e monjas dentro, e médicos e prauticantes de bata branca. Ali quedaron os probes velliños; o Maire e a dona despedironse d'iles con moito agarimo. O Temes recomendoullos a un médico novo. Daba pena deixalos ali.

Despois fumos dar unha volta por Irún, cos Maires. Andivemos a avenida de Colón. O Maire entón, dixo que de Colón, uns decían qu'era galego e outros qu'era italián.

Agora vese ben que boa a armou aquil daño de Don Celso García de la Riega. As hipóteses mais aventuradas e mais fora de camiño solen ser as que teñen millor fortuna, sobre todo cando son contraditas pol-a gente verdadeiramente entendida; e as cousas que menor importancia teñen pr'a vida d'un pobo, son moitas veces as qu'ise pobo colle con maior porfía; o qual proba que decote o que domiña nos homes é a parvada, e qu'o ben senso e a intelixenza son de cote herdamento das minorías. Non colle dúbida de qu'a de Colón galego foi e aínda é nas colonias gale-

gas d'América, unha tése popular, e hai pra elo fundamentos psicológicos d'abondo: d'un geito supreficial, o feito de o galeguismo de Colón ser un tema que nen pintado pra discutir no Café, e aínda mais o de poderen, cand'os americanos falen mal dos galegos, responderlles que se non fora por un galego América estaría n'estado salvaxe, ou calquera cousa polo estilo, con seguranza contribuíron á popularidade da tése. Mais hai algo mais fondo e mais importante: a segreda esperanza de qu'os sabios sallan vencidos na porfía; en realidade, en todas estas discusións de carate centífeco que chegan ao gran público—eixemplo tamén d'elo o asunto de Glozel—o vulgo semiletrado, coscentemente ou non, non agarda outra cousa. De modo e de maneira que s'a Academia Galega e a Academia da Historia se non houberan posto en contra da teoría de Don Celso, non houbera esta tido fanáticos partidarios. Mais así, había a esperanza de que Don Celso chegara a probal-a sua tése d'un geito decisivo, e polo tanto de qu'os sabios quedaran en ridículo. Don Celso houbera sido un vengador, que houbera vengado ao vulgo semiletrado da sabencia d'Oviedo Arce e demias señores das Academias. E' o sentimento social do resentimento qu'aluma todol-os iconoclasticismos e que, no mesmo terreo da ciencia, produciu, misturado con outras tendencias, o caso do Dr. Asuero, eiqui ben perto, qu'antronte m'amostraron o hotel onde consultaba.

Mail-a importancia que ll'eu atopo ao meu encontro co Maire de Soasain, pende na consideración de que tamén en Francia, e n-unha das súas terras mais cultas e civilizadas, hai quen non sabe falar francés, sen qu'elo lle seña un estorbo pra vivir, e incluso pode haber un alcalde que fala millor unha lingua estranxeira que non a lingua oficial do Estado. S'isto nonos enséña algo, é que somos parvos.

Xa apareceu

ARREDOR DE SÍ

Novela, por Ramón Otero Pedrayo.

ROTEIROS LÍREOS

R I B A D A V I A

Son catro horas andadas cando o tren co-reio de Madri chega á estación de Ribada-via. Derradeira tarde de xulio, esmagadora e abafante. Homes e rapaces a entrar e a sair por estas pequenas portas burocráticas, que nin cheiran a carbonilla, nin se enfeitan co-as bandeiras verdes e bermellas do argó ferroviario. Baixan do tren cregos, mulleres e tal cual petrucio con ar de corredor de vi-fios. Unha moza, de ollar quente e parola fría, vende rosquillas e ácios diante as fies-tras das primeiras. Un maiteiro vello acou-ga deitado sobr'uns culceiros, na espera do expreso que traía aos indianos que veñen por Vigo. No entanto, paso a paso, vóume camiño da vila cruzando este bairro novo de tendas e almacéns, que liga a economía ribeirana a eses mundos todos que van de mar a mar.

Como quen sabe o que ten que faguer, de-téñome no meio da ponte de ferro a ollar esta incomparable paisaxe do Ribeiro. Ei-quí, sobre o Avia, é que se olla ben. Ehi están, á dereita do río, a Quinza, afamada pol-as suas troitas e anguías; San Paio co-a sua antiga casa prioral, abrindo as portas do val do Miño; San Andrés de Camporredon-do co-a sua gran reitoral, que é o pazo mais solene destas terras; e ao lonxe Esposende coroado pol-a ermida de Areas que deixa adiviñar o outo Ribeiro de San Clodio pra alá. Na esquerda, eiquí está San Cristobo con suas chavolas de pescantíns, Beade—tan señoril—co-a sua antiga e fermosa cirexa, e Vieite e Verán colmados dos pavieiros mi-llores do mundo. A paisaxe é dun verdor incomparable. As viñas enraméxano todo e ascenden hastra os piñeirales montesíos. Dúceas de cascas antergas asinalan a sua vellice c-os picos pretos e húmidos dos alci-prestes. O río—este río úneco na antiga Te-

rra galega—escóndese entre os amiceiros re-tortos e as carballas centenarias.

Unha funeraria abre as suas portas á en-trada da vila; dentro ten os ataúdes aliñados como pipos de tostado, e nos escaparates dúceas e dúceas de retratos de todo xeito— a señoritiña de mantela branca, o sarxento de cabaleiría, o matrimonio adifeirado, o neno nú que se rabuña os pés—como faguendo xogo co-as caixas mortuorias. Serán os mor-tos á quenes servía a casa? Un letreiro di: *Fotografía*. E eu sinto unha fonda admiración por esta xente que resiste o paso dos anos, sempre rindo, no cheiro de tanta ne-croloxía.

Ando uns pasos máis. Xa estou nunha pra-ciña silenciosa e tristeira, decorada c'unha sinxela fonte de pedra. Total-as casas d'esta praza están pechadas, non se escoita unha voz, non voa un paxaro; parez unha desas prazas de papel nas que os tenorinos cantan queixumes de ópera a dous pesos a cadeira. Ven un municipal, procisionalmente, retor-cendo o bigote, dándolle voltas ao burlón do sabre.

—¿Atenda, como é que se chama esta rua?
—É a rua de San Martiño.

¿E por que non vos hei decir que poucas veces teño ollado na miña vida unha rúa tan linda com'esta rúa de San Martiño? Empina-da, estreita, de vellas casas ruínas, c-o seu peto das Animas na entrada. As casas d'esta rúa están pechadas tamén, malencónicamen-te pechadas, pro nos balcós hai testos con xeráneos e caraveliñas e, n'esta ou n'aquela fiestra, roupas de neno postas asecar. Moitas das casas teñen escudos e portas ben traba-lladas que semellan de sancristía catedrali-cia, portas que s'abriron ao paso de cen xe-raciós e que escoitaron, moitas veces, adeu-ses inconfesabres. Outras teñen pequenas

fiestas que mais semellan sacteiras, e por elas adiantarían o focinho picudo as comadres, pra ollar ás ricas-femias en xeito de minueto.

N'esta rúa é qu'está a antiga e belísima irexa do Sant-Yago, do mais belo románico, qu'aínda ofrece o prodixio dos seus ventanais e canicelos e do seu vello pórtico. Qué misterioso feitizo ten este románico que en todas partes fica ben e sempre di algunha cousa? Pechade os ollos e recordade cantos ábsides románicos teñades ollado na vosa vida: un alá en Castela, na terra chá, entre os trigueiros; outro no bairro vello d'unha cibdade abandonada, entre pedras desgastadas e muradelas a cair; outro n'unha boa cibdade monumental, Burgos, Avila, Toledo, Compostela; outro n'unha aldeña montesía, entre os piñeiros e as carballeiras; outro nos roquedos esgrevios, na beiramar, envolto nas brétemas... Non é verdade que todos vos impresoaron da mesma maneira? Cada un no seu lugar, todos fican ben, todos son proporcionados, todos gardan certas relacións afíns c-o fondo. No entanto unha capeliña prateiresca ou unha ermida gótica, poden parecércer calquera cousa de bricabraque; teñen d'axustarse ao meio en qu'han perdurare; un maxinouise pra pazos, outro pra grandes irexas ergueitas ben na lús, nos outos chaos. Galiza impresoa moito e é por que impresoa sempre. Tea seu estilo propio e seu estilo único, pois aínda o seu gótico e o seu barroco, teñen certo ar que lle ven das nosas milliores cousas do románico.

Agora, pol-a irexiña de San Roque, imos á praza de D. Gumersindo Buján: unha solaina que aproveita un corte nos paredós pra ofrecervos unha das paisaxes mais belas do país. Embaixo, no fondo, ollade o muiñotal cual unha ruína de castelo feudal; na fronte o bairro da Foz, á nosa beira a porta da Tafona, qu'era unha das entradas do bairro xudeu. Nenos nús bótanse á nadar no frescor das augas brancas; brincan pol-os penedos, rin, aturuxan, corren d'eiquí pr'alí. Nas viñas que choutan montana enriba traballa a mocidade nas sulfates. As mazairas e os pavieiros verdecen nos recantos. Todo é unha festa de lús, de cores, d'armunias. A

natureza desprezase nun indefinido bafo pracenteiro.

Entramos nunha rúa estreita e anguiosa. En cada porta os veciños parolan meio deitados no chán. As mozas son fortes e fermosísimas; as vellas, feias, semíteas, hosudas. Todas ollan pra nós, con curiosidade. Velei quí outra porta, a Porta Nova, pequena, blasonada, defendida guerreiramente. Laten cás baixo os alpendres dun curro.

Vou dunha beira á outra, desexando perderme nestes rincós de saudade: rúa de Tabernillas, rúa do Xuez Viñas, rúa dos Pulpos, rúa dos Fornos, rúa do Arrabal, O Serralleiro, A Rastrada... A cibdade, antiga e grioriosa, durme seu sono de séculos nas sombras qu'este sol ardente vaise entreteendo en faguer. Agora a bela irexa do San Xoan, agora outra pequena praza co-a sua botica dos derradeiros do dazanove. Os balcó frolecen en cheiros reitoraes, as fiestras entrábreñse no espionaxe dos amores furtivos, as portas pechadas queren manter este ar de lenda qu'o reverdece todo. Os pretos alci prestes do San Roque muxen a chamar unha bandada de pardaos. Outro alci preste, réxo, ferruxineto, anda a tecer a sua alambreira pra pillar reiseñores.

Outra rúa. Cheira a taberna e adivíñase o bulir do viño ribeirán nas cuncas brancas e vidrosas. Unha vella, retorta com'un mollo, limpa as suas leves gafas xudáicas. Unha moza varil cobre c-os seus cabelos mouros as neves ensombrecidas do peito, com'unha Madanela d'ilustración. Un cesteiro fai gueipos pr'a vendima que ven. Un gabacho chama ao namoro con chisco de ollo. Unha casa desfeita, e outra, e outra mais. Eiquí un nobre escudo crebado; elí a fidalga pomposidade dunha chimeneia, avergoñada da sua nudez sen paredós, semella a falda dunha bruxa no puto pra voar.

O Concello co a sua torre de sinos e ferros de forxa. Escudos e reloxo de sol. Un letreiro di: *Castro año 1733. Sendo procurador G. Cuebas*. Os pazos pechan a roda desta Praza Maior.

Rente de murallos vai a rúa de Escobetes, feita de casas vellas, probiñas, a cair. A rúa remata no curro dun pazo campeslo. Saé un franciscano, magro como o coitado de Ásis,

Sol-por. Dan as Trinidades as freiguesías do redor. Acantázanse os rapaces do río que xogan ao Barranco do Lobo. Chora unha nai o seu cantar de berce. Pasa o velliño do fiscornio. Noite de folión: foguetes, madamitas, resóleo e ruada.

Voltamos á procura do antigo castelo dos Condes, xa todo desfeito. E foi esta a antiga corte do Rei da Galiza? Foi este o señorío dos Sarmientos? Foi esta a forte vila cobizada pol-o mariscal Percy, o campión do Duque de Lancaster? Foi esta a Atenas do hebraísmo galaico? Foi esta a vila amada de Alfonso IX, de Alfonso X, de Alfonso XI, de Fernando II...? Esta é a antiga Abróbiga, de que falan os xeógrafos crásicos? Esta é a que venceu ao Conde de Camiña? Esta é o campo de loita de Doña Teresa, a nai de Alfonso Enríquez? Foi eiquí onde naceron Fray Tomas de Lemos, Estéfano Gallego, Vizmanos...?

Ribadavia refaise, fortifícase, pro aínda nos seus bairros millores e mais novos, óvese de cotío o xemer destas santas e groiriosas ruínas que o enchen todo. Gostaríamos de fuxir por esas outas cumes de Avión e de Pena Corneira, por ese Avia prodixioso que se deita no recuncho incomparable de Leiro, por esa cume do Bou-Bou fonte de tantas lendas, por eses pazos antergos de Esposende e de San Clodio, pro algunha cousa hai que nos retén perto destas pedras venerabres, destas muradelas cobertas d'edras, destas casas esmigalladas. Séntese latexar a historia da raza; séntese no sangue todo o misticismo da caste, e andan diante dos ollos as visións todas da nosa epopeia de séculos. Quixéramos ficar sempre eiquí, neste castelo romántico de liñas impercísas, que se desvai com'unha figura de névoa. Quixéramos ficar na conversa destes vellos que aínda falan de aqueles irmáns que se foron no quifentos, e aínda soñan con voltar.

Imos a Santo Domingo, o antigo mosteiro que se desfai sen dor con tal de manter en pé esta espréndida irexa gótica que s'ergue fidalgamente entre o anodismo dos roteiros turísticos. Pouco se pode ollar nesta hora litúrxica da noite, e, con todo, canto impoñen estas boutas trezadas sobre os ci-

mentos daquelas outras que se abenzoaron alá pol-o 1271. A irexa está soñia. Lonxe canta unha nena un alalá de camiño. Voltea unha curuxa a lume miuda da lámpada. Nas capelas absidais e todo ao largo, sepulcros fidalgos: donas, guerreiros e abades de pedra deitados sobre almofadas recheas, aqueitando os pés nos lebreus, gardados por anxos de asas tesas, ben loados en longos letreiros de boa letra. Quen é toda esta xente? Serán os antigos donos e señores dos temibres castelos de Sande, de Roucos, de San Xinés, de Soriz, de Sobroso, de Viduedo, da Pena, de Milmanda, de Cavadoso, de Fornelos, de Orcellón, de Pambre, das Curuxeiras, do Castro de Caldelas...? Ensoñadas e inolvidabres torres que han sinalar por todo tempo os vieiros da mais vella e limpa nobreza do mundo. Quén sodes, rexo fidalgos que aínda tedes a espada na man? Ficou entre vós aquel amado Don Diego de Lanzós, o irmán mor, ruibo como os millos e forte com'un Carlos Martel? Durme entre vós aquel Adiantado Don Pedro de Miranda, morto na alborada da vida? Cál de vós é o desventurado Don Tristán de Montenegro? Quén é o fidalgo da Casa de Puga? Quén son os das Casas de Pardo, de Ulloa, de Hermida, de Loureiro, de Cabo, de Albor? Que imperturbabre sono o vosol

O sancristán remexe no badallo, na hora d'Animas. Voan lánguidas bateladas a resoar nas campás. É noite pecha. Os guerreiros semellan erguerse e camiñar faguendo a roda d'un cabildo do Temple.

Miserere mei Deus...

Saio arrepiado. A vila acouga no frescor das augas do Avia. Sopra o nortíño do Arenteiro. Tremelucen bombilas a imitar fogos de camposanto. A emozón recorda nos meus ouvidos:

*Egli, che dopo il grido udi il tumulto,
che par che sempre più terribil suoni...*

ALVARO DE LAS CASAS

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

REVISTAS

BROTERIA, Vol. X, Fasc. VI,
Junho de 1930, Lisboa.

SUMARIO: Emilio Salgueiro: «A Moral Pom-balina». — Domingos Mauricio: «Os Jesuítas e Camões». — Serafim Leite: «Democracia e Sindicalismo». — «Na Rússia dos Soviets». — Revista de Revistas. — Notas bibliográficas. — Obras recebidas na Redacção. — Efemérides. — Índices.

SEARA NOVA, Revista
doutrina e crítica.

NÚMERO 208 - Sumario: Raúl Proença: «Factos e documentos. — Da imitação da França». — Vitorino Nemésio: «Salão dos Independentes». — A G: «Portugal pequenino». — Augusto Casimiro: «A tua door é a tua formosura». — Sebastião da Costa: «O porto de Macan». — Manuel Mendes: «Os architectos no 1.º salão dos independentes».

Número 209. Sarmiento de Beires: «Conférencias». — M. Teixeira Gomes: «Carta a Viana de Carvalho (sobre coisas mínimas e máximas)». — Maria Portugal Dias: «Uma escritura e um Livro». — Mayer Garção: «Portugal pequenino». — Manuel dos Reis:

«A teoria da Relatividade e o absurdo duma crítica».

Número 210. João da Silva Correia: «Factos e documentos. — Acção lingüística da métrica». — João Gaspar Simões: «Tendências e individualidades da moderna poesia portuguesa». — M. Teixeira Gomes: «Cartas ao pintor Sousa Lopes sobre a sua arte». — Sarmiento de Beires: «O problema da Índia Inglesa». — Lago Coutinho: «Será a Relatividade em principio absurda?».

Número 211. Osório d'Oliveira: «Considerações actuais». — João Gaspar Simões: «Tendências e individualidades da moderna poesia portuguesa II». — Sarmiento de Beires: «Aviação e aviões». — Carlos Parreira: «O «caso horrível» dun poeta». — Jaime de Magalhães Lima: «Scismas de rebeldes».

TAULA DE LLETRES VALENCIANES, Maio de 1930.

EDUARD Martínez Ferrando: «La llengua valenciana». — Carles Salvador: «1830 Teatre - 1930». — Eduard Ranch: «L'Orfeo catalá en Valencia». — Enric Durán e Tortajada: «La senyoreta Inquietuts». — Exposició Mistral i dels felibres valencians. Sobre tau-la. — Notes. — Bibliografia.

Imp. NÓS - Linares Rivas, 50 - A Cruña



F. ROMAN E SACO

DROGUERIA e FARMACIA

Pereira, 19 — OURENSE — Teléfono 28

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32

SANTIAGO

San Andrés 50

A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Drogueria e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Véndese en todol-os estabrecimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene nos nenos
é a garantía da sua saúde física e
moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o
"Jabón Sales de la Toja",
único que ás suas altas calidades
meiciñás xunta toda a finura e pre-
fume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto des-
enrolo das criaturas e evi-
ta o perigo da escrófula e
o raquitismo.

JABÓN
LA TOJA
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peñador

Véndese en todas las
Boticas, Droguerías,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurans e
vagos-camas de
todol-os três.

Estas augas, de sona universal son
o remedio enxebre e eficazísimo
cand'un quer combater o Artritisismo,
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades
diversas, doenzas do Aparello diges-
tivo, Anemia e Neurastenia

Riquisma auga de mesa
===== gaseada naturalmente =====

Mondariz-Baneario, áchase á 35 Km. de Vigo